



Benigno Amor, esquerda, xunto o secretario xeral de Cultura, Anxo Lorenzo

Contribución a recuperación e difusión da música galega no tempo da Casa da Troia

VIVA GALICIA! O secretario xeral de Cultura, Anxo Lorenzo, destacou onte o interese do disco *Viva Galicia!* a prol da difusión e da recuperación da música galega no tempo en que Alejandro Pérez Lugín escribiu *A Casa da Troia*, publicada en 1915. O presidente da Asociación de Antigos Tunos Compostelanos, Benigno Amor, fíxolle hoxe entrega do CD, que acaba de ver a luz co

apoiado da Consellería de Cultura e Educación, do Concello de Santiago de Compostela e da Deputación da Coruña, baixo a dirección musical e artística de Fernando Reyes e interpretado por Troianos de Compostela. O grupo formouse en 2013 ao abeiro da Asociación de Antigos Tunos Compostelanos, vencellada directamente ao Museo Casa da Troia, do que se cumpriu este ano o

25 aniversario da súa inauguración. Investigar, promover e divulgar a música para instrumentos de corda pulsada que interpretaban, a finais do século XIX e inicios do XX, as tunas na capital de Galicia é o principal obxectivo de Troianos de Compostela, á vez que se procura a recuperación de destacados compositores galegos da época, como Marcial del Adalid, Chané ou Canuto Berea.

Os proxectos estrela

{TRIBUNA LIBRE}

Ulbaldo Rueda (*)

O PREMIO SAN CLEMENTE e o Club Deportivo naceron co Polideportivo e o Salón de Actos en 1992. O que nos permitiu crear este premio foi o apoio de dous executivos da actual empresa Acciona, Francisco Osuna e Gregorio Zotes, que dirixían as obras do polideportivo e do auditorio e que impulsaron a idea desde o primeiro momento. Os San Clemente, que na actualidade están patrocinados por Abanca e contan con todo o apoio do conselleiro de Educación, Román Rodríguez, son unha aposta polos soños que os alumnos deben intentar realizar: compartir un día das súas vidas cos seus escritores preferidos é un soño que toma realidade no marco do seu instituto. É unha aposta pola literatura, sen dúbida, pero sobre todo é unha aposta por transmitir que un soño ambicioso dese estilo pode converterse en realidade nas súas vidas sempre que leve consigo a capacidade de realizarse, é dicir o esforzo necesario. No tocante ó premio San Clemente cabe destacar que medrou moito e pode seguir medrando noutra dimensión que posiblemente sexa necesario abrir. Din que Jean Monet repetía ao final da súa vida sobre a Unión Europea "Se volvese a empezar empezaría pola cultura". No caso do San Clemente no que empezamos pola cultura no marco dunha relación de auténtica irmandade con centros de Chicago, Vannes, Moscova, Londres, Francfort e Santa Comba de Dao, probablemente sexa o momento de desenvolver relacións non soamente entre centros de ensino senón tamén entre cidades que non só abarquen relacións culturais senón tamén institucionais, económicas ou turísticas e con contactos entre concellos, cámaras de comercio, oficinas de turismo...

Outros dos proxectos estrela do instituto foi o premio Bento Spi-



noza, que ademais dun premio de ensaio, é unha reivindicación de país. Non parece lóxico que un dos grandes filósofos, o máis grande do século XVII, fose un gran descoñecido en toda a Península Ibérica, cando tiña como primeira lingua o galego-portugués e como segunda o español, ademais o seu nome é Bento non Baruch, tradución ao hebreo de Bento.

Premio que xa recibiron escritores importantes como Jean-Didier Vincent e Peter Sloterdijk.

Por outra parte, que poidamos utilizar o nome de Stephen Hawking para un premio científico foi unha grata sorpresa. A primeira edición que tiña como tema, Evolución e biodiversidade, foi coordinada por Charo García Echave, María José Ascariz e Ignacio R. Mendizábal, premio Príncipe de Asturias.

PROXECTO LINGÜÍSTICO. O noso proxecto lingüístico pretende ofertarlles aos alumnos o meirande número de posibilidades. Organizado baixo a coordinación de María José Enríquez e coa extraordinaria colaboración de María José Dopico, Gema Paredes, Carmen Maril, Carmen Alonso e Ana Quintáns e, tamén nos seus inicios, coa de Charo Ricón e Charo Dopico.

Os puntos principais do proxecto son: a preparación dos diplomados regrados en inglés, francés e ale-

mán; intercambios con Chicago, Moscova, Londres, Alemaña, Francia e Australia; estadias en Francia, Alemaña, Inglaterra e Irlanda; e, finalmente, introduciuse, tamén, a materia de Portugués na ESO e en Bacharelato grazas á colaboración de Suso de Toro, de Miguel Ríos e de Carlos Campoy o que permite abrírlles unha porta moi importante aos nosos alumnos no mundo da lusofonía.

Cómpre facer mención tamén o Club Deportivo, que comezou como un proxecto de Instituto co apoio económico do grupo do Alameda que xiraba ao redor de Enrique Suárez Noche (Domigo Aller, Segundo Rey, José Lorenzo, José Otero e Ruth Gómez dinamizador do proxecto). Pouco a pouco foi converténdose nun proxecto moi ambicioso, a pretensión de elaborar un proxecto deportivo para toda a cidade dende os Centros de Ensino Público. Contabamos coa infraestrutura necesaria, polideportivos e campo de fútbol dos Irmáns Maristas que nos cedera amablemente o Irmán Marcelino, un auténtico mestre de mestres, e tamén co apoio dunha empresa emblemática Ulla Oil con Jesús García Rendo ao fronte.

Un proxecto que iniciaron dende o Instituto Tonecho Lorenzo e Kiko Montero e que contou co apoio incondicional de Manolo Portas e que hoxe continúa da

man de Kiko Montero e Ángel Castro cunha sólida aposta polo Baloncesto de Base.

Para facer todos estes proxectos foi fundamental integrar múltiples colaboracións. Primeiro, as da Consellería de Educación das que recordo con moito agradecemento a Jesús Almuíña, Jaime García, Fernando del Pozo, Aniceto Núñez, José Luis Mira, Benito Fernández, Marisé Pérez, Benjamín Lois, José Luis Canosa, Manuel Corredoira, Manuel Guerra, Jesús Álvarez, Eugenia Pérez, Manuel Vila, Godofredo Gutiérrez, Milagros Rodríguez, Javier Rodríguez e, finalmente, os dous grandes valedores do Premio San Clemente: José Manuel Pinal e Valentín García. Non me esquezo tampouco doutros responsables da administración como González Sobral, Pérez Varela, Aníbal Otero, Alfonso Cabaleiro, Cecilia Vázquez, Yolanda Otero, entre outros moitos.

Agradecementos tamén ás distintas corporacións do concello de Santiago que nunca nos negaron o seu apoio, na actualidade con Manolo Dios ao fronte da concellaría de Educación. Non deixa de ser significativo que o noso polideportivo e o noso auditorio xurdan dun proxecto co que Xerardo Estévez quería resolver as nosas carencias de infraestruturas e as necesidades de aparcamento para a zona monumental.

Mención aparte tamén merece o mundo sindical significativamente representado por Anxo Louzao e Víctor Gesto.

Ademais dos principais presidentes da Asociación de Nais e Pais de Alumnos coma Emilio Lavandeira, Gemma Garrido, Benigno Miranda e Olga Diéguez nun primeiro momento e, máis recentemente, Marina García, M. Carmen Lemos e M. José Carreira, actual presidenta, recordo con moito cariño os representantes dos pais do Consello Escolar: Xaime Barreiro Gil, Arturo Prieto, Antonio López, Xabier Ferreira, Luis Hervella, Edelmiro Prieto, Fernando Raposo, Antón Pedreira, Xesús Sulleiro. E moitos outros pais e nais de alumnos que colaboraron co instituto empezando por José María Álvarez, César Domínguez, José Lorenzo, Andrés García Novo, Hugo Vázquez, Sonia Rey, LuisToxo,

Maite Cancelo, Pedro Antonio Fernández, Luz González, Xosé Baqueiro, Manuel Salgado, Xosé Manuel Casaleiro, entre outros moitos.

Non quero esquecer tampouco o mundo da cultura e da ciencia que tanto nos aportou: Carlos Pajares, Ángel Carracedo, Senén Barro, Ramón Villares, Pedro Mouriño, Elena Vázquez Cendón, José Edelshtein, M. José Alonso, Jorge Mira, Rosa Señarís, Antón Figueroa, Anxo Angueira, J. Manuel García Iglesias, Pilar Bermejo, Dolores Pérez Meirás, Ignacio R. Mendizábal e Chus Jordá.

No mundo empresarial quero citar, xa non pola súa colaboración senón pola admiración que lles gardo, Isaac González Toribio de Abanca, José Manuel Cortizo do Grupo Cortizo, Serafin Montenegro de Grúas Norte, Antonio Riveiro de Casa da Viña e do Casino, Jesús García Rendo de Ulla Oil, Benigno Pereira de Queixos Bama, César Enriquez de Peza do Rei, todos eles emprendedores ilusionados e ilusionantes que están a construír empresas que compiten no mundo global cos seus proxectos e os que deberíamos acercarnos aos nosos alumnos para que lles transmitan ambición, ilusión e paixón.

Podería citar tamén moitos alumnos significativos, pero voume arriscar a citar só algúns por motivos moi diferentes. No meu primeiro curso como director do instituto, mixto por primeira vez, tiveron como alumnas a Carolina Bescansa, Delfa Losa e Paula Prado. Máis tarde, Juan Gallástegui, Marta González e xa dando un salto os que forman o xurado do Premio Stephen Hawking: Alejandro Riveiro de Aguilar, Marta Pita, Sara Bernárdez, Pablo Almuíña. Tamén teño un recordo moi entrañable de Fernando Peleteiro, Santiago Cepeda e Sandra e Alicia Carrera; outro de César Domínguez que nos amenizou moitos actos co seu violonchelo e finalmente, Sara Rapos, Laura Gil e Antón Lorenzo que presidiron os premios San Clemente.

Mencionar tamén que crear unha orquestra fíxome moita ilusión. Mil grazas aos alumnos e ao seu director Roberto Santamarina.

(*) Director durante 33 anos del Rosalía